

al

Exemplar gratuito

Los Yugoslavos

NO TEATRO JOFRE

Fernando Neira

Prestixioso crítico, a Fernando Neira podemos lelo nas páxinas de El País ou escoitalo en “Hoy por hoy” da cadea SER con Ángels Barceló recomendado discos e contando historias gorentosas ao redor da música popular. Aproveitamos o seu crónico verán eumés e desde a vila dos Andrade dialogamos sobre a súa paixón.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Chegas de estar en Edimburgo no famoso tour de Oasis. Que experiencia tiras do concerto?

FN. Teño que dicir que Oasis non é a miña banda favorita e que resulta evidente que é unha reunión para facer cartos, darlle ao público o que agarda. Pero velos no seu contexto no Reino Unido é impresionante. A paixón coa que se vive e a sensación festiva e colectiva, o ritual, é impagable.

Aí. Levas máis dun lustro publicando a diario unha crítica de discos na túa web “Un disco al día”. Como nace esta heroicidade?

FN. De casualidade. Comecei comentando discos nas redes sociais e se me ocorreu, sen premeditación, que podería ser algo diario. Desde abril de 2019 falei duns 2.200 discos, e a razón é vocacional, lúdica e para celebrar o ritual de compartir música. Non hai nada máis emocionante que descubrir música pero o segundo máis emocionante é compartila. Non hai moitos espazos de crítica e de encontro, e o respaldo do público reconforta.

Aí. Con tanta oferta musical,

non debería ser a crítica o lugar natural para desbrozar a calidade do que se fai?

FN. É moi necesaria. Eu leo pouca crítica en español porque hai un déficit clamoroso neste aspecto. Leo Mondo Sonoro, Efe Eme e xa a nivel de fóra devoro o Mojo ou Uncut. Pero é un círculo vicioso porque a crítica non está pagada. Aparte, gustárame que en xeral tivese a calidade e a precisión das críticas de cine que soen estar moi ben escritas.

Aí. Cada venres podemos escoitarte no “Hoy por Hoy” da cadea SER que dirixe Ángels Barceló. Como é levar música a un espazo tan mainstream?

FN. Pois son máis de tres millóns de ouvintes! Eu estou encantado con Ángels e agora comezamos xa a sétima temporada cada venres de 11.00 a 12.00 horas. Nun programa así entendo que teño que ser didáctico e divulgativo, desbrozar a música con esixencia de chegar a todo o mundo. Repasamos historias e artistas que van desde o indie ao flamenco, o folk e incluso o jazz.

Aí. Falando de folk, túa é a biografía de Berroquetto “O

pulso da terra”. Que recordas da experiencia e logo da traxectoria en solitario de Xabier Díaz e Guadi Galego.

FN. A de Berroquetto, grupo ao que adoro, foi unha gran experiencia. Meterse no medio deles e ver as distintas personalidades que aniñaban nesa banda. Xabier Díaz paréceme un músico extraordinario, de nivel internacional, cunha enorme capacidade de transmitir emocións. De Guadi Galego hai que falar dunha evolución arriscada e honesta, aínda que como afeccionado bote de menos traballos como “Benzón”. Pero é unha cantautora extraordinaria, cunha arte que é como chuvia fina, vaite calando e cando te decatás, como neste último traballo “Pélagos”, xa estás empapado.

Aí. ¿O caso de Tanxugueiras demostra que cando un artista fóra do círculo maioritario, e en galego, chega ás plataformas mediáticas correctas pode acabar triunfando?

FN. A pesar do que lles pasou no Benidorm Fest, Tanxugueiras tivo acceso a un nicho de



“DESPOIS DE DESCUBRIR MÚSICA O SEGUINTE MÁIS EMOCIONANTE É COMPARTILA”

público co que non contaba vindo dunha escena galega na que hai xente moi boa como Díaz, Guadi Galego, Mondra e tantos. Agora ben, Tanxugueiras funciona porque hai calidade, que é o máis importante e supera a importancia de calquera plataforma. Eu programeinas nun ciclo con artistas no Corte Inglés en Madrid e foron das que levaron máis público.

Aí. Como ves a música hoxe con eses elementos que foron

aparecendo desde Spotify á IA?

FN. Vivimos un tempo de desconcerto cun acceso a música brutal –Spotify sube semanalmente 90.000 temas novos!– e onde todo o mundo quere estar á última. Eu sigo a reivindicar o pracer de desprezintar un disco, cedé ou vinilo, e perderme no sofá da miña casa 40 minutos para escoitalo. Convido á xente nova a que o probe.

Aí. A que discos regresas sempre logo de tantos anos?

FN. Ao “Moondance” de Van Morrison”, “Five leaves left” de Nick Drake, “Blue” de Joni Mitchell, “Late for the sky” de Jackson Brown, “Tubular bells” de Mike Oldfield, “Songs in the key of life”, de Stevie Wonder, “Señora azul”, de Canovas, Rodrigo, Adolfo & Guzmán... Son obras que me seguen a emocionar. O primeiro disco que me mercaron foi o debut de Boston e logo viñeron un de Kansas e outro de Chicago. A esa altura infantil pensaba que os grupos tiñan que levar nomes de cidades! Así ata que comprei “A new world record” da ELO e xa me din conta de que non. Pero vaia, como ves todo moi setenteiro.

PROGRAMACIÓN

SETEMBRO

20
25



17
SET

Ratiña

Alicia Úbeda

Torrente | 20.30h | Gratuito

Proxección e coloquio



18
SET

Félix Slim Trio

Torrente | 20.30h | Desde 3€

Xoves da Capela



19
SET

Luis Piedrahita

Apocalípticamente correcto

Auditorio | 20.30h | Desde 22€

Ciclo Humor



20
SET

Los Yugoslavos

Javier Gutiérrez, Luis Bermejo,

Marta Gómez e Alba Planas

Jofre | 20.30h | Desde 8€

Teatro



26
SET

María de Buenos Aires

Borja Quiza

Jofre | 20.30h | Desde 5€

Clásica

Entradas e información
actualizada en:
www.ferrolcultura.gal



05-07 venres-domingo

FENE ROCK

Festival

PASEO DE SAN VALENTÍN (FENE)

16 €



SÔBER E HERDEIROS DA CRUS ENCABEZAN O CARTEL DA VIXÉSIMO SEGUNDA EDICIÓN DESTE FESTIVAL, CITA IMPRESCINDIBLE PARA OS AFECCIONADOS AO ROCK EN GALICIA.

O FeneRock, que arrancou en 2003 como homenaxe ao guitarrista local Félix García Beceiro, consolidouse xa como un dos eventos clave do rock galego. A edición deste ano conta coa participación dos madrileños Sôber –un dos grupos máis representativos do rock alternativo español–; da banda cordobesa de screamo e post-rock Viva Belgrado; cos guipuzcoanos Ezpalak, que misturan o rock dos noventa con sons alternativos máis contemporáneos, e con letras comprometidas en éuscaro; e co local DjR4tibrón. Os seus concertos son o venres.

O sábado será a quenda de Herdeiros da Crus e do seu característico rock clásico con toques de punk e blues. Dende Muros chega a banda Lisdexia; e desde Ferrolterra a charanga Galiza Sound Machine e A Pelo (tributo a Platero y tú). Unha potente mistura de pop, rock, rap, metal e disco correrá a cargo dos Monoulous Dop e, para finalizar a xornada, repite DjR4tibrón.

O festival inclúe dúas sesións vermú: Los Tigres de Cañotas (sábado) e Los hombres de Diego (domingo). Conta ademais con zona gratuíta de acampada e de food trucks.

05-07 venres-domingo

MENINAS DE CANIDO

Festival de arte urbana

BARRIO DE CANIDO (FERROL)



A XVI EDICIÓN DAS MENINAS DE CANIDO ESTÉNDESE DURANTE TRES DÍAS COA PARTICIPACIÓN DE CERCA DUNHA TRINTENA DE ARTISTAS, MÚSICA E MERCADO CREATIVO.

Neste 2025, as Meninas de Canido contan cunha importante representación da vella escola de grafiteiros, coma Zeta ou Pastron#7, ademais de muralistas como Gonzalo Alonso ou Fer Patinho, e outros habituais como Sfhir ou Luis Rapela. Algunhas das novas incorporacións son Achorro Vivo, Mon Devane, Ana Corazón e Nath Guacsh. Todos eles estarán pintando os seus murais no barrio durante a fin de semana.

A programación musical arrincará o venres 5 de setembro coas actuacións de Ede, Kurwa e Roi Limboos DJ. O sábado 6 subirán ao escenario Durden, Lilicleta, Pulpiño Viascón, Duende Eléctrico, Corizonas, Tandub e DJ Sfhir. Para pechar a programación, o domingo será a quenda de Duende Eléctrico, Nuevo Plan, As Pías e Mas Music DJs. Todos os concertos celebraranse no parque Antón Varela

13 sábado

20.00 H

NOITES DE RETRANCA

Monólogos

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

15 €



QUICO CADAVAL, OSWALDO DIGÓN E FEDERICO PÉREZ XÚNTANSE POR PRIMEIRA VEZ NUN ESCENARIO NA NOVA ENTREGA DESTE ESPECTÁCULO POLO QUE PASARON OS CÓMICOS MÁIS FAMOSOS DE GALICIA.

Narón recupera as Noites de retranca, unha proposta que xa está considerada como unha das máis salientables do humor en Galicia. Este novo espectáculo ofrece dúas horas de monólogos nos que Quico Cadaval, Federico Pérez e Oswaldo Digón ofrecerán ao público as situacións máis cómicas propias do mellor humor galego.

13-14 sábado-domingo 10.00-14.00/16.00-21.00 H

MERCADO DE ANTIGÜIDADES

Feira

PAVILLÓN DA MOCIDADE. A GÁNDARA. (NARÓN)

DE BALDE

NARÓN ACOLLE A SEXTA EDICIÓN DA FEIRA DE ANTIGÜIDADES, COLECCIONISMO E VINTAGE QUE REÚNE NA GÁNDARA A UNHA TRINTENA DE ANTICUARIOS.

Mobles antigos, publicacións, selos, discos, obxectos decorativos, moedas ou apeiros de labranza son algúns dos obxectos que se poderán mercar nesta feira, organizada polo Concello de Narón en colaboración coa asociación Ferro Vello. Este ano acoden á feira máis de trinta anticuarios procedentes de Ferrolterra, Asturias, Cantabria, País Vasco, Castela e León, e o norte de Portugal.

17 mércores

20.30 H

RATIÑA

Cine

CC. TORRENTE BALLESTER (FERROL)



CURTAMETRAXE SOCIAL E INTIMISTA PROTAGONIZADA POR LUÍS ZAHERA, QUE ABORDA TEMAS COMO O ACOSO ESCOLAR, A XESTIÓN EMOCIONAL E A RELACIÓN ENTRE NENOS E PAIS.

Alicia Úbeda dirixe esta curta de ficción, que trata de achegarse ao tema do acoso escolar dende unha perspectiva diferente, a do contorno familiar da vítima, especificamente cando este non se desenvolve con soltura na xestión emocional. Presenta a unha nena de nove anos que sofre violencia na escola, pero que non é quen de xestionar esa situación no seu fogar, principalmente porque carece das ferramentas necesarias para pedir axuda. Ratiña, filme producido por Brava e Mordisco Films, está protagonizado por Luís Zahera, Sara Ferro e Carmen García. Combina un enfoque minimalista e poético cunha narrativa realista, dirixida tanto a un público infantil como adulto.

18 xoves

20.30 H

FÉLIX SLIM TRÍO

Música

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)



O TRÍO LIDERADO POLO GUITARRISTA E CANTANTE FÉLIX SLIM REINVENTA O BLUES ELÉCTRICO CUNHA MISTURA EXPLOSIVA DE ESTILOS, NOS QUE COMBINA TRADICIÓN E VANGARDA.

Félix Slim Trío consolidouse como unha proposta vibrante dentro do panorama do blues eléctrico. Cun son que rende homenaxe ás raíces do xénero e unha interpretación contemporánea, o trío —composto por Slim, un baixista e un batería— ofrece unha potente fusión de blues dos anos 50 e 60, swing, R&B, rockabilly, garage e soul/funk.

19 venres

20.30 H

PIEDRAHITA

Monólogo

AUDITORIO (FERROL)



O HUMORISTA E MAGO GALEGO PRESENTA APOCALIPTICAMENTE CORRECTO, UN MONÓLOGO SOBRE A LIBERDADE E O ABSURDO.

Espectáculo no que Luís Piedrahita reflexiona sobre un dos grandes desexos da humanidade: a liberdade. Co seu enxeño habitual, Piedrahita desprega un repertorio de reflexións insólitas sobre asuntos tan dispares como as anguias eléctricas, o pelo do pube, o leite de soia, a choiva ou a liberdade de expresión. Temas incómodos ou controvertidos que aborda sen medo, convencido de que “o medo espanta a risa e, de xeito recíproco, a risa espanta o medo”.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

20 sábado

20.30 H

YUGOSLAVOS

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)



JAVIER GUTIÉRREZ, LUIS BERMEJO, NATALIA HERNÁNDEZ E ALBA PLANAS PROTAGONIZAN ESTA OBRA SOBRE O AMOR, A TRISTEZA, A PROCURA DUN LUGAR E A ESPERANZA NAS PALABRAS. DIRIXIDA POR JUAN MAYORGA.

Los yugoslavos comeza nun bar, no que un camareiro observa como un cliente anima a outro unicamente con palabras. É entón cando se achega a el para pedirlle un favor inusual: que faga o mesmo coa súa dona. A muller, di, afúndese na tristeza e no silencio, e el non sabe atopar as verbas que poidan rescatala. Mentres tanto, ela percorre a cidade cun mapa na man. Busca un lugar enigmático, coñecido como Los yugoslavos, talvez un bar, talvez un punto de encontro de quen comparte a memoria dun país desaparecido. No medio desa procura crúzase cunha moza que, sen máis explicación, lle propón un troco: entregarlle outro mapa a cambio do seu. Los yugoslavos reflexiona sobre a fragilidade humana e a capacidade de se reinventar a través da linguaxe. Fala do amor e da tristeza, da necesidade de atopar un lugar propio e da esperanza que latexa en cada palabra compartida.

19 venres

20.00 H

ESAS COUSAS MARABILLOSAS

Teatro

TEATRO DE BENEFICENCIA (ORTIGUEIRA)



ELISARDO DE LA CRUZ PROTAGONIZA A VERSIÓN GALEGA DA OBRA DE DUNCAN MACMILLAN, BAIXO A DIRECCIÓN DE AVELINO GONZÁLEZ.

A peza do dramaturgo británico, que se representou en centos de ocasións en medio mundo e que na súa versión española tivo 25 000 espectadores, verqueuse ao galego da man de Avelino González e é, probablemente, a obra máis divertida que pode verse sobre a depresión. Unha comedia vigorosa, profunda e, en ocasións, desgarradora, hilarante e vitalista.

20 sábado

24.00 H

DAVID MEISER

Música

SALA LA ROOM (FERROL)

16,50 €

NOVA ENTREGA DA ROOM ELECTRÓNICA QUE RECIBE A UN DOS GRANDES REFERENTES INTERNACIONAIS DO TECHNO.

O produtor e Dj David Meiser é un dos nomes máis recoñecidos do techno actual. Con máis de vinte vinilos editados en selos de EE UU e Europa, subiu a escenarios de todo o mundo. Destaca por ser o único español remezclado polo icónico Dave Clarke. O artista zaragozano estará acompañado por dous Djs da escena ferrolá: Mario D'Fer e Occy.

21 domingo 19.00 H

MARÍA LÓPEZ

Música

CAFÉ TEATRO (NARÓN)



A MULTIINSTRUMENTISTA GALEGA PRESENTA O DISCO DAYDREAMING, MOSTRA DA SÚA SENSIBILIDADE E RIQUEZA SONORA.

Daydreaming está formado por doce pezas compostas, interpretadas e arranxadas integramente por María López, nas que a música tradicional e a clásica afúndense nunha marabillosa experimentación con novos horizontes sonoros. Pese á súa mocidade, María López ten colaborado con artistas do talle de Carlos Núñez ou Susana Seivane.

26 venres 20.30 H

MARÍA DE BUENOS AIRES

Ópera

TEATRO JOFRE (FERROL)



ÓPERA-TANGO DE ASTOR PIAZZOLA CON LIBRETO DE HORACIO FERRER, DIRIXIDA E INTERPRETADA POR TERESA GARZÓN E O BARÍTONO BORJA QUIZA.

A obra propón unha ollada lírica e metafórica sobre Bos Aires a través da figura de María, personaxe que representa a esencia do tango. O seu percorrido vital móvese entre a paixón, os excesos e os espazos máis periféricos da cidade, reflectindo o imaxinario porteño cun rexistro actual no que se entretecen teatro, danza e poesía.

edicións **embora**

Manolo González O cineísta andarengo

A propósito de Bernardino de Lamas



27 sábado

21.00 H

SOMOS CRIMINAIS

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

20 €



CARLOS BLANCO E XOSÉ A. TOURIÑÁN POÑEN O PUNTO E FINAL A UN DOS PROXECTOS MÁIS EXITOSOS DO TEATRO GALEGO NAS ÚLTIMAS DÉCADAS.

Somos criminais e punto final é un novo espectáculo no que Carlos Blanco e Touriñán son os capitáns da nave Arteixo II, que leva a bordo a un reducido grupo de elixidos rumbo a un planeta no que comezarán unha nova vida. Cando falta apenas unha hora para que o mundo chegue ao seu final, eles teñen a tarefa de garantir que a evacuación sexa un éxito e de transportar o noso patrimonio máis valioso para que a nova terra conserve o espírito da Galicia que deixan atrás.

27 sábado

19.00 H

HOCUS POCUS

Infantil

TEATRO DA BENEFICENCIA (ORTIGUEIRA)



ESPECTÁCULO DO MAGO PACO CHEO DE COMPLICIDADE ENTRE EL E O SEU PÚBLICO.

Hocus Pocus é un espectáculo de maxia caracterizado polo uso de recursos visuais moi chamativos. O diálogo co público é constante, de forma que cada función resulta única, pois depende da resposta dos nenos e nenas en cada caso. O mago Paco é Francisco Otero, un animador infantil que incorporou a maxia como recurso aos seus espectáculos e acabou converténdose nun referente da maxia para nenos en Galicia.

edicións **embora**

Las adorables derrotas

Juan Carlos Valle *Karlotti*

A venda en librerías



ESTREA DESTACADA | 5 DE SETEMBRO



Todos os teus filmes están marcados polo tema da familia.

Ten moito que ver coa miña historia persoal. De moi pequena perdín aos meus pais, que morreron de sida, e pasei a vivir cos meus tíos, unha nova familia que tamén era parte da miña. Para moita xente, a familia é algo que simplemente está aí, pero no meu caso esas relacións tiveron que construírse. Nunca dei por sentado o vínculo familiar, analiceinas cunha distancia que non todo o mundo ten. Ademais, tanto a miña familia biolóxica como a adoptiva son moi numerosas: hai moitos irmáns, curmáns, tíos, avós... Sempre estiveron moi rodeada de familia e observei as súas dinámicas. Hai nela un amor profundo, pero tamén unha carga de feridas, traumas e aspectos difíciles de xestionar. Nesa mestura hai moito material para contar historias humanas.

Percíbese unha vontade

de aceptar a túa historia familiar tal como é, cunha parte luminosa e outra extremadamente dolorosa.

Tiñamos claro que debíamos transmitir a dor, pero sen caer no xuízo ou a condena respecto aos personaxes inspirados nos meus pais, nin tampouco nunha romantización excesiva. O filme é tamén o retrato dunha xeración, a que foi moza nos anos 80 en España, que quedou fóra de moitas memorias familiares, porque detrás había moito dor: a heroína, as sobredoses, a sida, as mortes prematuras... Todo iso forma parte da nosa memoria histórica, pero aínda non o acabamos de aceptar como tal. Para min, que son filla de todo iso, era moi importante recuperar esas historias e asumilas como parte do que nos constitúe. **Como explicas que houbese un baleiro narrativo tan grande ao redor de toda esa xeración?**

Por unha banda, moitos dos protagonistas morreron, xa

non están aquí para contalo. Foi unha xeración que creceu nas últimas décadas da ditadura e que, tras a morte de Franco, rompeu con todo o establecido. Iso tivo un impacto moi forte nas xeracións que viñemos despois, e creo que ás veces non se lle dá o valor suficiente.

A acollida da familia galega á protagonista oscila entre a frialdade e o agarimo. Ocorreu algo similar na vida real?

Non, foi bastante diferente, aínda que hai cousas coas que se van a identificar emocionalmente. Aínda non o viron e teño curiosidade por saber que pensarán cando o fagan. En todo caso, é normal que reaccionasen de forma desigual, cada un segundo a súa forma de vivir a perda do meu pai. No filme, a chegada desta moza é como a chegada dun fantasma que esperta os seus recordos reprimidos.

Elástica Films (extracto)

05 SETEMBRO

ROMERÍA
Carla Simón

2025 | ESPAÑA | 115' | ESPAÑOL | +16



Marina (18), adoptada desde moi pequena, viaxa a Vigo para se encontrar por vez primeira coa familia do seu pai biolóxico. A súa chegada trae de volta un pasado xa soterrado. Guiada polo diario da súa nai e a través dunha conexión especial co seu novo curmán, Marina descubrirá as feridas familiares e poderá por fin revivir a memoria fragmentada duns pais dos que apenas ten recordos.

Cannes 2025 (Sección Oficial)

“Filme emotivo, claro, politicamente oportuno e conmovedor até a euforia” El Mundo

12 SETEMBRO

EDDINGTON
Ari Aster

2025 | EUA | 145' | INGLÉS



Nunha viaxe por estrada, unha parella queda atrapada en Eddington, unha pequena vila de Novo México durante a pandemia. Inicialmente son ben acollidos, pero todo dá un xiro sinistro ao caer a noite. O enfrontamento entre o sheriff (Joaquin Phoenix) e o alcalde (Pedro Pascal) desata o caos cando os veciños se enfrontan entre si.

Cannes 2025 (Sección Oficial)

“Corrosiva sátira política sobre as derivas conspiranoicas dos Estados Unidos” El País

19 SETEMBRO

MI AMIGA EVA
Ces Gay

2025 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL | +7



Eva é unha muller de 50 anos casada desde hai máis de vinte e con dous fillos adolescentes. Durante unha viaxe de traballo a Roma, Eva decátase de que quere volver a namorar antes de que sexa “tarde de máis”.

ONE HAND DON'T CLAP

(Una Mano Sola No Aplaudes)

Kavery Dutta Kaul

1988 | EUA | 92' | INGLÉS



Rodada en 1986, durante o Carnaval de Trinidad y Tobago. A través dos seus protagonistas, reconstrúese a historia oral do calipso como música de resistencia, sátira e celebración: desde as súas raíces africanas e o seu papel na loita anticolonial, até a súa expansión global e a aparición do soca. Unha inmersión musical e festiva restaurada en todo o seu esplendor.

BFI (Sección Oficial)

‘Atraente e cegador’ The New York Times

26 SETEMBRO

MASPALOMAS

Jose Mari Goneaga, Aitor Arregi

2025 | ESPAÑA | 115' | EUSKARO



Despois de romper coa súa parella, Vicente (76) leva a vida que quere en Maspalomas. Un accidente obrígaos a regresar a San Sebastián coa súa filla, a quen abandonou anos atrás. Vicente terá que vivir nunha residencia onde se verá empurrado a volver ao armario e a ocultar unha parte de si propio que cría resolta.

San Sebastián 2025 (Sección Oficial)

Ópera

XOV 18

CARMEN

Georges Bizet

2025 | FRANCIA | 210'



Carmen como nunca antes a tiñas visto. Con motivo do 150º aniversario de Carmen e a morte de Georges Bizet, a Opéra Royal de Versailles presenta unha produción espectacular que recrea fielmente a estrea orixinal de 1875. Con vestuario de época deseñado por Christian Lacroix, escenografía baseada en arquivos históricos e dirección musical de Hervé Niquet.

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, CADA DOMINGO ÁS 12:00

Desde o 7 de setembro até o 30 de novembro.

Entrada gratuita coa colaboración do Concello de Ferrol.

DOM 7 E 21 ÁS 12:00

EL CHICO (THE KID)

Charles Chaplin

1921 | EUA | 68' | TP



Unha muller de escasos recursos decide abandonar ao seu bebé coa esperanza de que unha familia rica o colla en adopción. Pero o pequeno acaba en mans dun vagabundo, Charlot.

Cando o neno chega aos cinco anos, a loita pola supervivencia e por permanecer xuntos será toda unha aventura.

“Humor, esperpento, tenrura e sentimento (...) manterá o seu atractivo nos próximos séculos” El País

DOM 14 E 28 ÁS 12:00

MARY SUPERCHEF

Enzo D’Alò

2023 | LUXEMBURGO | 85' | VE | TP

Mary ten 11 anos e unha paixón irrefreable pola cociña: soña con converterse nunha gran chef. A súa avoa Emer, coa que mantén unha relación moi especial, anímaa a facer realidade este soño. Pero en todo camiño hai dificultades



e enfrontarse a elas convértese ás veces en toda unha aventura. Por iso, Mary emprende unha viaxe que lle obriga a traspasar as barreiras do tempo e no que catro xeracións de mulleres se reunen para apoiarse mutuamente.

“Un filme que só deixará indemne ao corazón máis frío” The Guardian

Foco BILLY WILDER

TREN DE SOMBRAS

Catro sesións entre o 29 de setembro e o 29 de decembro.

Entrada gratuita coa colaboración do Concello de Ferrol.



LUN 29 ÁS 19:45

PERDICIÓN

Billy Wilder

1949 | EUA | 107' | INGLÉS | TP

Un axente de seguros e a muller dun dos seus clientes traman asasinar ao marido para cobrar un cuantioso seguro de accidentes. Todo se complica cando entra en acción o investigador Barton Keyes.

Oscars 1944 (sete candidaturas incluíndo Mellor Filme, Mellor Dirección, Mellor Actriz e Mellor Guión)

“Obra absorbente e trágica que combina sordidez e paixón para mostrar a Barbara Stanwyck como unha das femmes fatais máis fascinantes da historia do cinema. Marcou os códigos visuais do xénero” El País

off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

XOV 9 ÁS 20:00

CAJA DE RESISTENCIA

Alejandro Alvarado,
Concha Barquero

2024 | ESPAÑA | 99' | ESPAÑOL | +12



Tras o seu falecemento, Fernando Ruiz Vergara deixou decenas de bosquexos de filmes que nunca puido realizar. O cineasta andaluz só dirixira un documental, Rocío, desgarrador e abraiante, maldito trala súa censura xudicial nos primeiros anos da democracia en España. Desde entón, os seus proxectos

permaneceron latentes na imaxinación e no desexo. En Caja de resistencia fabúlase con aqueles proxectos soñados para levalos ao cinema do presente, coma un xesto de resistencia.

Feroz 2025 (candidata ao Premio Arrebato de non ficción)

XOV 23 ÁS 20:00

JONE, BATZUETAN

(JONE, A VECES)

Sara Fantova

2025 | ESPAÑA | 80' | EUSKARO | +12

Bilbao, pleno setembro. Jone, 20 anos, vive xunto ao seu pai e á súa irmá pequena Marta. Aita, o pai de Jone, tivo que deixar o seu traballo por mor do seu Parkinson. Ao mesmo tempo, empezan as festas da Semana Grande de Bilbao nas que Jone namora por primeira vez. Durante este verán, Jone vivirá entre a sensación de



inmortalidade que transita con Olga, a moza da que namora, e o medo a quedar soa debido á enfermidade do seu pai.

Málaga 2025 (Mención Especial do Xurado)

“Sintetiza en apenas 80 minutos toda a complexidade da experiencia post-adolescente”
Kinotico

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

De LUNS a DOMINGO

De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada,
agás que se sinale o contrario.

Facemos parte de:



PROGRAMACIÓN
2025



SETEMBRO

S **13** 20.00 HORAS

COMEDIA

RABABIERO PROMOCIÓNS

NOITES DE RETRANCA

D **21** 19.00 HORAS CAFÉ-TEATRO

PRESENTACIÓN DISCO

MARÍA LÓPEZ

PRESENTACIÓN DO DISCO DAYDREAMING

S **27** 21.00 HORAS

COMEDIA

AINÉ PRODUCIÓNS S.L.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL

OUTUBRO

V **03** 20.30 HORAS

S **04** 20.00 HORAS

DRAMA

TALÍA TEATRO

UN DEUS SALVAXE

S **11** 20.00 HORAS

DRAMA

UNAHORAMENOS PRODUCCIONES

ME LLAMO SULEIMÁN

V **17** 20.30 HORAS

S **18** 20.00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

EL CAMINO A LA MECA

V **24** 20.30 HORAS CAFÉ-TEATRO

MÚSICA FOLK-POP-INDIE

CONCERTO

ALONDRA BENTLEY



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón



NOVELA

A CASA DO CALELLO

MARIA MESSINA | IRMÁS CARTONÉ | 144 PÁX. | **15€**

O MOVEMENTO LITERARIO DO VERISMO, “REALISMO” ITALIANO DE FINAIS DO SÉCULO XIX E COMEZOS DO XX CON NOMES COMO OS DE GIOVANNI VERGA, TIVO A UNHA DAS SÚAS MÁIS INTERESANTES AUTORAS NA SICILIANA MARIA MESSINA (1887-1944).

Creadora de relatos e novelas nas que denuncia a situación da muller italiana a comezos do pasado século, unha das súas cimeiras é esta peza breve que agora edita en galego Irmás Cartoné con tradución de María Alonso Seisdedos: “A casa do calello”. Publicada por primeira vez en Italia en 1921, esta novela curta é un relato escuro e sombrío do encarceramento voluntario de dúas mulleres sicilianas no matrimonio aburrido e sombrío da irmá maior. As irmás Nicolina e Antonietta ven a oportunidade de fuxir da súa pequena aldea italiana cando Don Lucio anuncia as súas intencións de casar con Antonietta. Imaxinan unha gran vida para si mesmas na gran e lúgubre casa de Lucio na cidade, pero o seu sabor da liberdade resulta cativo. Aínda que un chisco estereotipada na súa sinxeleza de conto de fadas, Maria Messina escribiu con coraxe e forza sobre unha vida estreita e tipicamente feminina na Sicilia desa altura do século XX. Un talento incandescente o de Messina, reivindicado afervoadamente por autores tan destacados como Leonardo Sciascia.

ENSAIO

NUEVO ELOGIO DEL IMBÉCIL

PINO APRILE | GATOPARDO EDICIONES | 176 PÁX. | **18,95€**

O xornalista e polifacético intelectual italiano Pino Aprile amplía as intuicións que hai vinte anos publicara sobre o incremento da imbecilidade e agora aumenta e mellora neste “Nuevo elogio del imbécil”. Filosofía, bioloxía, historia ou exemplos do mundo do traballo alicerzan a tese de Aprile que non é outra que a decadencia da intelixencia na nosa sociedade en mans dunha estupidez crecente. Unha decadencia baseada na mellor adaptación dos imbéciles ao mundo actual. Intuicións brillantes e non pouco humor comparten esta imprescindible obra.


ENSAIO LITERARIO

CASTELAO ESCRITOR

EDUARDO BLANCO AMOR | EDITORIAL GALAXIA | 224 PÁX. | **23,70€**


Estamos ante un interesante volume formado por escritos sobre Castelao e a súa pegada a cargo do grande Eduardo Blanco Amor. Dunha banda os editores recuperan unha monografía escrita en 1950 e publicada en 1986 en Edicións do Castro sobre o xenio de Rianxo e a súa traxectoria literaria, tamén o discurso que o ourensán pronunciou no enterro de Castelao así como un fato de artigos publicados no ano 1970 en diversos xornais. A admiración de Blanco Amor sobre Castelao para por estas páxinas que unen a dous seguros clásicos da literatura de noso.

DELICIAS SONORAS

**RAPOSA UN AMOR**

Debut do dúo pontevedrés Raposa, formación composta polo veterano músico Rubén Abad e a cantante e guitarrista María Villanueva. O seu primeiro traballo de longa duración titúlase “Un amor” e contén 14 pezas producidas por Abad, a maioría cantadas en galego pero tamén en portugués e castelán, e inclúe asemade catro interludios instrumentais. O deseño gráfico é obra de Montse Piñeiro.

Acompañados dun pequeno grupo de instrumentistas, a proposta do dúo pontevedrés é moi singular. Un traballo cheo de sensibilidade e riqueza sonora coa inclusión de instrumentos como guitarras, violíns, violonchelos, contrabaixos, saxofóns, frautas, acordeóns, clarinetes, claves e percusións variadas para pintar unha paisaxe sonora impresionista que abanea desde o folk e o jazz ata un pop independente defendido pola sensible voz de Villanueva. Cancións convertidas en crónicas sentimentais, aventuras cotiás, o peso da infancia e os remorsos como en “Un amor”, “Se dice”, “El niño que no fui” ou “A cidade máis vella do mundo”, entre outras. Un disco para gozar nun solpor cunha taza de té quente nas mans.

**WORLD PARTY BEST IN SHOW (REEDICIÓN AMPLIADA)**

A banda británica World Party foi o vehículo case unipersonal do multiinstrumentista galés Karl Wallinger desde finais dos 80 ata hai apenas uns anos, traxectoria xa coutada definitivamente coa súa morte en marzo do pasado ano. Comezara como teclista nos primeiros discos de Waterboys pero enfrontamentos creativos co líder Mike Scott levárono a fundar este proxecto con arrecendos aos Beatles, Kinks e Prince cun son actualizado que reflicten o mellor do pop dos 80 e os 90. Un creador de primeiro nivel cunha voz impagable. Así o deixou patente nos cinco traballos oficiais da banda máis discos de maquetas e rarezas como “Arkeology” (2012). En 2007 ao abeiro dunha xira por USA e Australia publicou o recompilatorio “Best in show” que este ano 2025 vén de reeditarse con edición en vinilo e catro temas a maiores. Non faltan alfaías como a ecoloxista e futurista “Ship of fools”, “Way down now”, “Put a message in a box” ou “She’s the one” atribuída a cotío a Robbie Williams que a levou ao nº1, esquecendo ao verdadeiro autor: Karl Wallinger, un músico maiúsculo a quen sempre botaremos en falta.

**AUDIOVISUAL SANGUE LATINO. A BALADA DE NEY MATOGROSSO**

Non había moito que quen isto escribe vira o desastroso biopic sobre Paulo Coelho, interesado só na súa etapa co grande rockeiro Raul Seixas. A decepción de semellante calamidade levouno a un a ollar con escepticismo un novo biopic que vén de ser estrado en Netflix baixo o título de “Sangue latino. A balada de Ney Matogrosso” e dirixido por Esmir Filho sobre o icónico e sobrevivinte artista brasileiro. O filme reconciliouno a un sobre a posibilidade de facer algo máis que un catálogo de fitos vitais e transformalo nun exemplo do que pode ser traballar cun material humano e artístico tan potente como o de Matogrosso, aínda activo e lúcido aos seus 84 anos. Impresionante interpretación de Jesuíta Barbosa neste filme sobre a busca da liberdade nun ambiente opresivo vendo medrar as diferentes etapas artísticas do intérprete desde a inicial, co inmenso grupo Secos e Molhados, ata a súa carreira posterior en solitario, aínda hoxe activa. Afinado retrato dun xenio do espírito e un creador libre que fixo medrar, aí é nada, a música popular brasileira.

SETEMBRO

01luns

EXPOSICIÓN

19.00 h Pazo da Marquesa.
San Sadurniño.

**PRIMIXENIAS. CESTERÍA
E CERÁMICA, DE LUISA
DA SILVA E CARME
ROMERO**

02martes

EXPOSICIÓN

10.00 h Casa da Cultura. Fene.

**AO DESCUBERTO, DE
DANIEL MOURIZ**



04xoves

LIBROS

20.00 h Local do colectivo
Piruchela. Neda.

**PRESENTACIÓN DA
BANDA DESEÑADA: A
MORTE NAS FRAGAS**

DOCUMENTARIO

20.30 h Local do colectivo
Piruchela. Neda.

OS FÍOS DA MEMORIA

05venres

FENEROCK

21.00 h Paseo de San Valentín.
Fene.

**SÔBER, VIVA BELGRADO,
EZPALAK, HOUR-GLASS,
DJR4TIBRÓN**

MENINAS DE CANIDO

21.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

**PREGÓN DE YOLANDA
CASTAÑO**

21.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

CONCERTO DE EDE

21.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

CONCERTO DE KURWA

01.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

DJ ROI LIMBOOS

06sábado

MENINAS DE CANIDO

11.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

**OBRADOIRO DE GORROS
COA GUAGUA**

12.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

PULPIÑO VIASCÓN

13.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

CONCERTO DE DURDEN



15.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

DJ PROPÁ

17.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

OBRADOIRO DE TATUAXES

18.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

DUENDE ELÉCTRICO

19.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

LILICLETA

21.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

**CONCERTO DE
CORIZONAS**

23.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

CONCERTO DE TANDUB

01.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

DJ SFHIR

FENEROCK

21.00 h Paseo de San Valentín.
Fene.

**HEREDEIROS DA CRUS,
MONOLIOUS DOP, LOS
TIGRES DEL CAÑOTAS,
LISDEXIA, A PELO,
DJR4TIBRÓN, GALIZA
SOUND MACHINE**



07domingo

10.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

MEDITACIÓN SUFÍ

12.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

OBRADOIRO DE CHAPAS

12.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

DUENDE ELÉCTRICO

13.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

NUEVO PLAN

15.30 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

MAS MUSIC DJS

17.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

FESTA HOLI

19.00 h Parque Antón Varela.
Canido. Ferrol.

CONCERTO DAS PÍAS

FESTA

11.00 h Paseo Marítimo. Neda.

FESTA DO PAN

FENEROCK

13.00 h Paseo de San Valentín.
Fene.

**LOS HOMBRES DE DIEGO,
EFECTO IMPERFECTO**

12venres

GRUPO DE CONVERSA

20.30 h Local do colectivo
Piruchela. Neda.

LET'S TALK

13sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

**NOITES DE RETRANCA:
QUICO CADAVAL,
OSWALDO DIGÓN E
FEDERICO PÉREZ**



14domingo

FESTA

10.00 h Local do colectivo
Piruchela. Neda.

MURAL PARTICIPATIVO

17mércores

CINE E COLOQUIO

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

RATIÑA



18xoves

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

FÉLIX SLIM TRÍO

19venres

RELATORIO

19.30 h Casa da Cultura. Pontedeume.

XAVIER CORREA CORREDOIRA: HOMENAXE AO PINTOR FRANCISCO MIGUEL

TEATRO

20.00 h Teatro de Beneficencia. Ortigueira.

ESAS COUSAS MARABILLOSAS

MONÓLOGO

20.30 h Auditorio. Ferrol.

LUIS PIEDRAHITA

GRUPO DE CONVERSA

20.30 h Local do colectivo Piruchela. Neda.

LET'S TALK

20sábado

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LOS YUGOSLAVOS



MÚSICA

00.00 h Sala La Room. Ferrol.

DAVID MEISER + MARIO D'FER E OCCY



21domingo

MÚSICA

19.00 h Teatro Café. Narón.

MARÍA LÓPEZ: PRESENTACIÓN DO DISCO DAYDREAMING



TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

A IDADE DO PAVOSAURIO

26venres

RELATORIO

19.30 h Casa da Cultura. Pontedeume.

O EUME AMEAZADO

RELATORIO

20.00 h Local do colectivo Piruchela. Neda.

PALESTRA SOBRE PALESTINA, CON AMIR ISMAIL E JOAM LOPES

ÓPERA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MARÍA DE BUENOS AIRES

MÚSICA

20.30 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

RONDALLA BOHEMIOS

27sábado

MÚSICA

13.00 h Local do colectivo Piruchela. Neda.

BERLAI

INFANTIL

19.00 h Teatro de Beneficencia. Ortigueira.

HOCUS POCUS



TEATRO

21.00 h Pazo da Cultura. Narón.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL



MÚSICA

20.00 h Auditorio. Ferrol.

III FESTIVAL OUTRAS MÚSICAS TRADICIONAIS

28domingo

TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

O INCONVENIENTE



EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción



turismo.dacoruna.gal
[@IDACTurismo](https://twitter.com/IDACTurismo)
[Turismo da Deputación da Coruña](https://www.facebook.com/Turismo-da-Deputación-da-Coru%C3%B1a)
[Dacturismo](https://www.instagram.com/Dacturismo)